



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais

**CERTIFICA:** Que a **Xunta de Goberno Local**, na **sesión ordinaria** que tivo lugar o día **14 de maio do 2024**, adoptou entre outros o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

#### **4.- APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2024.**

En consecuencia, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos catro (4) presentes, e polo tanto, co quórum da maioría absoluta do seu número legal de membros, **ACORDA:**

*Asunto:* Aprobación da Oferta de Emprego Público exercicio 2024  
*Expte Tedec:* 2024/E003/000001

“A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción do presente acordo, segundo a delegación de competencias efectuada mediante Resolución de Alcaldía núm. 375 do 07/07/2023 (BOP núm. 133 do 13/07/2023), e á vista dos seguintes

1

*Antecedentes Administrativos:*

1. Providencia da Alcaldía do día 08.05.2024 incoando o expediente administrativo.
2. Informe técnico emitido pola funcionaria encargada do Departamento de Nóminas e persoal, do día 08.05.2024, identificando as reducións de efectivos que se produciron ao longo do ano 2023 (en comparación coas existentes a 31.12.2022), así como as prazas que están vacantes na RPT e Cadro de Persoal do Concello de Lousame, exercicio 2024.
3. Providencia da Alcaldía do día 08.05.2024, indicando as prazas a incluír na OEP 2024, e a fixación dos termos que serán obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación.
4. Convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, para o día 14.05.2024, efectuada o día 08.05.2024 con rexistro de saída 202400000000411
5. Acta da Mesa Xeral de Negociación do día 14.05.2024

*Fundamentación Xurídica:*

Primeiro: As Entidades Locais, de conformidade co previsto nos artigos 91.1 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 128.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local as Entidades Locais (TRRL) deben aprobar e publicar, no prazo un mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e aos criterios que regulamentariamente establézanse en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Segundo: Considerando que o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante



a incorporación de persoal de novo ingreso, serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obrigación de convocar os correspondentes procesos selectivos.

Terceiro: Logo de ver a Acta da Mesa Xeral de Negociación do 14/05/2024, que xustifica o sometemento da Oferta de Emprego Público do ano 2024, á obrigada negociación colectiva, sendo aprobada por unanimidade das partes negociadoras.

Cuarto: Logo de ver o informe da Secretaría e Intervención, e estando acreditada a existencia de crédito para a cobertura das prazas, no Orzamento definitivo do 2024.

Considerando que a aprobación da OEP corresponde á Alcaldía, en virtude do previsto no artigo 22.1.h) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, ou ao órgano que ostente a correspondente delegación (art. 21.3 LRBRL), e que no concello de Lousame esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo resolución de alcaldía de data de 07/07/2023 ( BOP nº 133 de 13/07/2023), a Xunta de Goberno Local

**ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Lousame para o ano 2024, que queda configurada polas prazas que se indican de seguido:

2

Denominación /natureza	Nº	Grupo	Escala	Subescala	Quenda	Forma de acceso
Xerocultor/a Persoal Laboral Fixo	2	IV (C2)			Libre	Concurso-oposición

**Segundo:** Proceder á súa publicación no Taboleiro de Editos da Sede Electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** Proceder á convocatoria das prazas ofertadas, en execución da presente Oferta de Emprego Público, dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar dende a súa data de publicación no Boletín Oficial da Provincia

**Cuarto:** Dar conta ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

---

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e prace da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero